

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

*RESOLUCIÓN do 15 de maio de 2019 referente á convocatoria para prover varias prazas vacantes.*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 99, do luns 27 de maio de 2019, e número 116, do mércores 19 de xuño de 2019, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2015 e OEP 2017.

O concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio convocou, mediante a Resolución do 15 de maio de 2019, os procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público de 2015 e na oferta de emprego público de 2017, que a continuación se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: agrupación profesional. Clasificación: escala de administración xeral; subescala subalterna. Número de vacantes: 2. Denominación: subalterno.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de administración especial; subescala técnica; clase técnicos superiores. Número de vacantes: 1. Denominación: técnico superior en enxeñaría informática.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial; subescala técnica; clase técnicos medios. Número de vacantes: 1. Denominación: inspector de urbanismo e medio ambiente.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*; e os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da Corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 20 de xuño de 2019

O alcalde

P.D. (Acordo da Xunta Goberno Local do 18.6.2019)

María del Carmen Fouces Díaz

Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

